

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PONTECESO

##### Intervención - Tesouraría

*Aprobación definitiva do orzamento 2019*

#### EDICTO

O Pleno do Concello de Ponteceso aprobou inicialmente o orzamento municipal para o exercicio económico de 2019 por acordo adoptado en sesión do vinte de decembro de dous mil dezaoto. Estivo exposto ao público mediante anuncio inserido no BOP núm. 246, do 27.12.2018, durante un prazo de 15 días hábiles. No indicado período non se presentaron reclamacións polo que se entende definitivamente aprobado.

Dando cumprimento ao que dispoñen os artigos 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 20.3 do RD 500/1990, do 20 de abril, faise público o Orzamento Xeral do Concello de Ponteceso para o exercicio 2019 o cal ascende tanto no estado de gastos como no de ingresos a 5.973.370,34 €, polo que dito orzamento se aproba equilibrado.

A cada un dos capítulos asígnanselle as cantidades seguintes:

#### ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO. DENOMINACIÓN	Importe euros
1. Gastos de persoal	1.998.288,62
2. Gastos en bens correntes e en servizos	2.332.410,78
3. Gastos financeiros	34.600,00
4. Transferencias correntes	108.280,80
<b>Operacións correntes (1, 2, 3, 4)</b>	<b>4.473.580,20</b>
6. Investimentos reais	1.444.949,17
7. Transferencias de capital	4000
8. Activos financeiros	11.610,00
9. Pasivos financeiros	39.230,97
<b>Operacións de capital (6, 7, 8, 9)</b>	<b>1.499.790,14</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>5.973.370,34</b>

#### ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO. DENOMINACIÓN	Importe euros
1. Impostos directos	1.704.131,41
2. Impostos indirectos	790.531,00
3. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	820.586,40
4. Transferencias correntes	2.121.940,49
5. Ingresos patrimoniais	112.300,00
<b>Operacións correntes (1, 2, 3, 4, 5)</b>	<b>5.549.489,30</b>
6. Investimentos reais	0,00
7. Transferencias de capital	373.040,07
8. Activos financeiros	11.610,00
9. Pasivos financeiros	39.230,97
<b>Operacións de capital (6, 7, 8, 9)</b>	<b>423.881,04</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>5.973.370,34</b>

Na citada sesión tamén se acordou aprobar o cadro de persoal funcionario e laboral para 2019 o cal é o que se indica a seguir:

### PERSOAL FUNCIONARIO

Grupo	Subgrupo	Denominación	Número de dotacións	Situación
A	A1	Secretaría FHN	1	Vacante
A	A1	Intervención FHN	1	En propiedade
A	A1	Tesorería FHN	1	Vacante
A	A1	Técnico de Admón. Xeral. Coordinador Xeral	1	Vacante
A	A1	Traductora de lingua galega	1	En propiedade
A	A2	Traballadora Social	1	En propiedade
C	C1	Administrativos	2	En propiedade
C	C1	Administrativo Xefe da Unidade Administrativa	1	Vacante
C	C1	Policía local	3	En propiedade
C	C1	Policía local	1	Vacante
C	C2	Auxiliar administrativo	1	Vacante
TOTAL			14	

### PERSOAL LABORAL

#### PERSOAL LABORAL FIXO

Denominación	Número de dotacións	Situación
Conserxe colexio	1	Vacante
Aparellador/ Arquitecto técnico	1	Vacante
Oficial 1ª Servizo Municipal de Augas	1	En propiedade
Limpador/a instalacións municipais	1	Vacante (ocupada interinamente)
TOTAL	4	

#### PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Denominación	Número de dotacións	Tipo de xornada
Auxiliares administrativos	4	Completa
Limpador/a instalacións municipais	1	Completa
Auxiliar de arquivo e biblioteca	1	Completa
Condutor do vehículo camión de extinción de incendios, afecto ao Servizo de Medio Ambiente, matrícula 9465FXH	1	Completa
Personal GES	12	Completa
Educadora familiar	1	Completa
Traballadora Social	1	Parcial
Técnico de emprego local	1	Completa
Orientadora laboral	1	Completa
Conxexes centro de saúde	1	Completa
Limpadoras centro de saúde	2	Parcial
Conxexe colexio	1	Completa
Limpadoras colexios, agás xullo e agosto	8	Parcial
Limpadora galescola	1	Parcial
Operarios urbanismo	2	Completa
Condutor do camión grúa afecto ao Servizo de Alumeado Público, matrícula 1247BWP	1	Completa
Condutor do tractor-desborazadora municipal, afecto ao Servizo de Medio Ambiente	1	Completa
Operario limpeza viaira	1	Completa
Operario mantemento xardíns	1	Completa
Animadora cultural	1	Completa
Conxexe Casa de Cultura	1	Completa
Monitor actividades deportivas-culturais	1	Completa
Animadora deportiva	1	Completa
Monitor de deportes	1	Completa
Conxexe pavillón deportivo	1	Completa
TOTAL	48	

O que se fai público para os efectos previstos na citada normativa, facendo constar que, contra a aprobación definitiva, quen teña a condición de interesado poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partires de dita aprobación definitiva.

Ponteceso, 22 de xaneiro de 2019.

O alcalde

Xosé Lois García Carballido

2019/509